



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTEOITO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 01/2010

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u>	
<u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. José María García Rivera.	No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do día vinteito de xaneiro de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D ^a M ^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.
<u>CONCELLEIROS</u> D ^a Ana A. Incera Ares. D ^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D. Xaime Cancio Rodríguez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D ^a Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D ^a . María Xosefa Alonso Otero.	
<u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.	
<u>SECRETARIA</u> D. M ^a Carmen Seoane Bouzas.	

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 26-11-09.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 26 de novembro de 2009 e que foron oportunamente distribuídas coa convocatoria.

Toma a palabra o portavoz do PP., que pide que se retire da acta no punto da orde do día núm. 14 a parte da votación e do acordo, xa que nunha dación de contas non se pode nin votar nin tomar acordo.

O portavoz do BNG manifesta que hai un erro numérico na páxina 5 cando se fai reconto dos votos a favor, que debe aparecer 6 votos a favor.

Non producíndose máis intervencións, queda aprobada por unanimidade dos 12 membros de dereito presentes a acta da citada sesión, coas correccións realizadas, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA DA. VERÍSIMA EIROA COUTO.

Comprobada a credencial remitida pola Xunta Electoral Central, presentado o rexistro de intereses e acreditada a súa personalidade, D^a Verísima Eiroa Couto toma posesión do seu cargo de Concelleira, integrándose na formación pola que foi elixida, o PP.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

3.- COMUNICACIÓN DO NOMEAMENTO DE DA. ROSA ALONSO RODRÍGUEZ COMA PORTAVOZ DO PSOE NO CONCELLO DE FOZ.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do escrito do grupo municipal PSOE no que se nomea a Da. Rosa Alonso portavoz do PSOE no Concello de Foz.

4.- COMUNICACIÓN DO NOMEAMENTO DE D. PEDRO JOSÉ FERNÁNDEZ MANÍN COMA PORTAVOZ DO PP NO CONCELLO DE FOZ.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do escrito do grupo municipal PP no que se nomea a D. Pedro José Fernández Manín portavoz do PP no Concello de Foz.

5.- COMUNICACIÓN REPRESENTANTES DO PP NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do escrito presentado polo PP comunicando a representación do grupo nas Comisións Informativas:

- Pedro José Fernández Manín: en todas as que figuraba Ángel Cao Pérez.
- José Luis Sánchez García: as mesmas que tiña asignadas ata esta data.
- José María Basanta Morán: as mesmas que tiña asignadas ata esta data.
- Verísima Eiroa Couto: as que figuraban ata esta data a nome de Pedro José Fernández Manín.

6.- NOMEAMENTO DE D. PEDRO JOSÉ FERNÁNDEZ MANÍN COMA REPRESENTANTE DO PP NA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUCENSE.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 25 de xaneiro de 2010, sobre o nomeamento de D. Pedro José Fernández Manín coma representante do PP na Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense.

Non habendo intervencións se procede á votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Nomear a D. Pedro José Fernández Manín coma representante do PP na Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense.

7.- DACIÓN DE CONTA ACTUALIZACIÓN INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta das seguintes actualizacións do inventario no ano 2009:

ALTAS HABIDAS EN 2009:

1. Bens inmobles:

- | | |
|----------------------------------|---------|
| - Inmable Muíño en Fazouro | 30.000€ |
| - Local de 228m2 en Os Limoeiros | 91.000€ |

TOTAL BENS INMOBLES	121.200€
----------------------------	-----------------

2. Bens mobles

- | | |
|---|------------|
| - Vehículo cedido por Serv. Prov. de Costas | 6.000€ |
| - Barredora Servizo Limpeza Viaria | 42.839,64€ |

TOTAL BENS MOBLES	48.839,64€
--------------------------	-------------------



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

BENS E DEREITOS REVERTIBLES

- Cesión de uso de instalacións e outros á Consellería de Benestar Social da Escola Infantil de Foz de 0 a 3 anos

BAIXAS HABIDAS NO ANO 2009

Barredora Servizo Limpeza Viaria

42.839,64€

8.- FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA VALORADA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 25 de xaneiro de 2010, sobre a forma de prestación do servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia valorada.

O portavoz do PP toma a palabra para recordar que o Sr. Alcalde dicía que a Xunta devolvía os cartos, o cal é normal despois de ver o informe do traballador social que obra no expediente, no que se recolle que sobraron 66.000 €, polo que o Concello deixou de prestar servizos. Tamén lle recorda ao Presidente que dixera que era unha lei do goberno socialista, ao que lle di que o fixo sobre o papel, porque se a lei é tan boa lle gustaría saber por qué o Concello deixou de prestar o servizo. O PP recoñece que é imposible que o Concello preste o servizo, pero é quen tiña que cumprir coa lei, ben directamente ou ben a través dunha empresa. Prosegue dicindo que o seu grupo, para votar a favor, pon tres condicións: que os pregos sexan contrastados cos grupos políticos, que se saque a concurso e que se faga unha mesa de contratación na que participen os grupos políticos.

O Sr. Alcalde aclara que non se gastou todo o diñeiro porque a Xunta comunicou en decembro o que daba pola Lei de Dependencia, e durante todo o ano o Concello foi por enriba das súas posibilidades adiantando diñeiro. Explica que menos mal que hai unha modificación da lei que non había antes, que hai que dicilo todo, que permite gastar o diñeiro que sobra no ano seguinte. Conclúe dicindo que cre que actuaron correctamente ata onde puideron; pero eso pasa agora e pasaba antes tamén. Anuncia que o seu grupo non ten problema coas condicións que puxo o PP.

O Sr. Fernández Manín engade que ata este ano sí se devolvían os cartos, e foi precisamente agora co PP cando se permite que os concellos empreguen ese diñeiro no seguinte ano. Pregunta que se no Plan E se pediu un plan de tesourería para adiantar o diñeiro, por qué non se fixo tamén coa dependencia.

Lle contesta o Sr. Alcalde que non se fixo porque o do Plan E era moito máis e non se va a estar facendo con cada expediente.

Toma a palabra o portavoz do BNG para dicir que o debate hoxe é se privatizamos ou non privatizamos o servizo de axuda no fogar a dependentes. En primeiro lugar, sinala a irresponsabilidade do grupo de goberno porque non se estaba atendendo ben aos dependentes. De seguido le a conclusión do informe do traballador social que obra no expediente. En segundo lugar, indica que todo isto non xustifica para o BNG que se privatice o servizo, o que levará a unha mala xestión do mesmo. Se debe defender que o Concello sega con este servizo, que se poña máis persoal se fan falla seis persoas, non se pode escatimar recursos, hai outras cousas nas que se pode aforrar, nesto non. Anuncia que o BNG se vai opoñer porque unha xestión pública coma esta debe facela o Concello.

Toma a palabra a Sa. Alonso para dicir que é de risa pensar que cunha empresa privada imos ter un peor servizo; agora, á data do informe, fan falla seis persoas, pero a medida que vaian valorando mais dependentes vaise necesitar máis xente, ademais de cubrir baixas, vacacións. Esas irregularidades que sinala son precisamente por ese motivo.

O Sr. Alcalde lle reprocha ao portavoz do BNG que sempre tire a pedra e esconda a man. Aclara que irregularidades non son o mesmo que ilegalidades, e un dos motivos porque existen



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

irregularidades é porque se necesitan 24 horas. O servizo seguirá sendo público, coma xa pon no punto da orde do día. Lle pregunta ao portavoz do BNG cántas empresas creou o BNG en Vicepresidencia. Engade que o BNG nunca privatiza nada, sempre son os demais. Lle recrimina ao Sr. González Basanta que diga que o Concello ten capacidade para atender o servizo, xa que o Concello non a ten, e quere que os veciños teñan un bo servizo e que estean ben atendidos. Haberá que estar cada momento montando un tribunal para seleccionar a xente e mentres os veciños esperando.

O portavoz do BNG manifesta que o fondo da cuestión é privatizar o servizo, e o mesmo informe do traballador social fala diso, a iso se lle chama privatización. Dirixíndose ao Sr. Alcalde di que lle chamen ás cousas polo seu nome. É difícil, pero para iso está o equipo de goberno, que é o que goberna. Non é ser de esquerdas dicir que unha empresa pode facer algo que non pode facer o Concello. O BNG non di que as traballadoras o fagan mal, se non que o que se facía mal era que non se atendía o servizo. O PP esta privatizando todo na Xunta de Galicia.

O Sr. Alcalde contéstalle que lea ben o informe, que fala de axuda a domicilio. Lle pregunta ao portavoz do BNG cantos gobernos do BNG teñen o servizo privatizado. Aquí non hai esquerdas nin dereitas nin historias, hai un servizo que hai que atender. O BNG ten a súa posición e o PSOE a súa.

O portavoz do BNG lle pregunta ao Presidente que a que se refire o informe cando sinala que se necesitarían 10,5.

O Sr. Alcalde respóndelle que á dependencia.

A Sa. Alonso aclara que iso se refire á data do informe, pero están valorando cada pouco.

O portavoz do PP recorda que a Lei de Dependencia correspondía a Vicepresidencia e era do BNG, pregunta se houbo algunha inspección.

A Sa. Alonso responde que non, que ela tivera coñecemento.

O portavoz do PP di que no informe se sinalan moitas irregularidades.

A continuación se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 PSOE e 4 PP).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Determinar coma forma de xestión do servizo público de axuda no fogar na modalidade dependencia valorada a concesión.

Segundo.- Que se inicien os trámites para levar a cabo a contratación polo órgano competente.

9.- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS CAIXAS DE AFORRO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 25 de xaneiro de 2010, sobre a moción do BNG sobre as Caixas de Aforro.

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo se vai abster porque vivimos en España, onde algunhas veces interesa que as empresas sexan de aquí e outras de fóra. Isto non se trata dunha cuestión política.

O portavoz do PP sinala que hai un informe feito por unha auditoría, que explica que coa



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

xente que se vai xubilar non vai haber despidos. A unión das dúas caixas vai ser o forte.

O Sr. Alcalde di que o problema vai estar en que mil xóvenes van a deixar de traballar.

Contesta o portavoz do PP que el sufriu tres fusiós e non se despediu a ninguén.

O portavoz do BNG intervéen para dicir que o seu grupo está moi de acordo co que manifestou o portavoz do PP porque a cuestión é que se queden aquí ou vaian para afora. Pregunta si se van a perder menos postos de traballo si se van para fora ou si se quedan aquí. É distinto que se invertan os cartos dos galegos en Galicia que fóra.

O Sr. Alcalde lle pide que lle explique iso.

O portavoz do BNG explica que si se fusionan unha parte do diñeiro se inverte en Galicia e a función social non se cumprirá si se converte en banco.

A continuación, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 6 (PSOE).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia a asegurar, en uso das súas competencias, que o centro de decisión das caixas de aforro galegas se manteña, en todo caso, en Galicia.

2.- Instar ao Parlamento de Galicia a que aprobe unha Lei reguladora das Caixas de Aforro galegas que asegure o seu carácter público, a democratización dos seus órganos de goberno, o seu compromiso efectivo coa economía productiva e a creación de emprego en Galicia, así como a orientación da súa obra social cara a satisfacción das necesidades sociais e culturais reais do noso país.

3.- Trasladar este acordo aos Grupos Parlamentarios de Galicia.

10.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN DE PLENO DO PLANO DE ORDENACIÓN DO LITORAL NO CONCELLO DE FOZ.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 25 de xaneiro de 2010, sobre a moción do BNG sobre a constitución dunha Comisión de Pleno do Plano de Ordenación do Litoral no Concello de Foz.

O Alcalde manifesta que se acordou que quedase integrada na Comisión do PXOM.

A Secretaria explica que entón hai que modificar o acordo porque o que se está a votar é a creación dunha nova Comisión.

O Sr. Alcalde di que non, que xa están todos de acordo.
O portavoz do BNG indica que sería coma unha "subcomisión".

A Secretaria manifesta que entón sería convinte modificarlle o nome a Comisión existente de Seguimento do PXOM e engadirlle "e do Plano de Ordenación do Litoral no Concello".

O Sr. Alcalde insiste en que xa está claro así.

Non habendo máis intervencións se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1.-O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita que o Pleno da Corporación acorde constituir unha Comisión non Permanente co obxecto de estudar a proposta de ordenación que o Plano de Ordenación do Litoral elaborado Consllaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras establece para o noso Concello.

2.-O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita que o Pleno da Corporación estude as propostas de ditame elaborado pola Comisión a que se fai referencia no punto anterior e que, no suposto de que así o considere, eleve á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras as suxestións correspondentes.

11.- MOCIÓN DO BNG CONTRA O DECRETO DO GALEGO NO ENSINO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 25 de xaneiro de 2010, sobre a moción do BNG contra o Decreto do Galego.

O portavoz do PP di que o seu grupo entende que o borrador estase intentando consensuar, se pide que se apoie o que estaba, que di que coma mínimo o ensino en galego sexa un 50%, había sitios onde se confundía iso. Di que el é galeguista e quere que se defenda o galego e o seu grupo tamén. O voto do seu grupo vai ser en contra.

O portavoz do BNG manifesta que o seu grupo sinte que voten en contra, hai moitos estudos que avalan que o galego se está perdendo a pasos axigantados. Non podemos perder o galego. O do 33%, 33% e 33% na práctica é imposible. Se hai perigo de que desapareza algún idioma é o galego.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo sempre defendeu que un pobo teña unha lingua propia. Debemos defender a nosa lingua porque é o que nos enriquece, o PSOE quere que non haxa ningún paso atrás na nosa lingua, e ao mesmo tempo estamos en España, non debería haber enfrontamento entre as linguas.

O portavoz do PP expresa que o seu grupo quere que o galego e o castelán sexan iguais e si se pode meter outro mellor.

O portavoz do BNG lle replica que iso non é o que entende o PP, sobre todo o de Madrid.

Engade o Sr. Fernández Manín que iso será o que entende el.

O Sr. González Basanta lle pregunta ao portavoz do PP que se ve que unha lingua decrece e a outra medra, a quen ten que defender.

O portavoz do PP lle contesta que actualmente o decreto pon un mínimo en galego do 50%, que pode dar lugar a que en algúns sitios se de un 80% e queren que se de igual.

A continuación, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- 3 Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 BNG).
- 4 Votos en contra: 4 (PP).
- 5 Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia:

1.-Retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública.

2.-Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galicia en tódolos



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.

3.-Retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de Normalización Lingüística e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plano de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentarias.

12.- MOCIÓN DO PP SOBRE A DOTACIÓN DUNHA AMBULANCIA AO CENTRO DE SAÚDE DE FOZ.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 25 de xaneiro de 2010, sobre a moción do PP sobre a dotación dunha ambulancia ao Centro de Saúde de Foz.

Non habendo intervencións, se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

1.-Instar á Xunta de Galicia a dotar dunha ambulancia de xeito permanente e con carácter de urxencia ao Centro de Saúde de Foz (Lugo).

2.-Dar traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, así como ás forzas políticas con representación da Cámara Galega.

13.- MODIFICACIÓN ANUALIDADES DA ACHEGA MUNICIPAL NA OBRA “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE FOZ”.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 25 de xaneiro de 2010, sobre a modificación de anualidades da achega municipal na obra “Mellora da rede de abastecemento de Foz”.

Non habendo intervencións se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Aprobar una nova distribución de anualidades para a obra “Mellora da rede de abastecemento de Foz (Lugo)- Clave: OH.227.503” do ano 2009 para o ano 2010, por importe de 217.801,48 €.

14.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2009 AO 18 DE XANEIRO DE 2010.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 24 de novembro de 2009 ao 18 de xaneiro de 2010 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

B.- MOCIÓNS.

O Presidente pregunta se algún grupo quere presentar algunha moción de urxencia.

Non presentándose ningunha moción de urxencia.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O PP realiza os seguintes rogos:

1) Que se arranxen en Nois os danos do temporal e en Cordido.

2) Que se limpe o río en Alamparte.

O Sr. Alcalde responde que xa está feito.

O BNG realiza os seguintes rogos:

1) A limpeza de cunetas en todas as parroquias.

O Sr. Alcalde responde que fai dous meses se limparon todas.

O portavoz do BNG insiste dicindo que hai bastante menos que pasou por alí.

2) Que se reparen as sinais de toponimia que están en mal estado.

O Sr. Alcalde lle recorda que esas son as que quixeron eles.

3) Que liberen as beirarrúas da Avda. de Sarria e Pintor Laxeiro de desprendementos e terras.

O Sr. Alcalde lle responde que están neso, pero hai moitas máis.

4) Que se amañen as pistas polideportivas.

O Sr. Alcalde lle pregunta qué pistas.

O portavoz do BNG di que todas, en Fazouro están caídas as vaias, en Nois e Cordido están as canastas cos aros rotos.

O Sr. Alcalde lle replica que cando se fai un rogo no Pleno hai que miralo antes.

O Sr. González Basanta insiste en que están en mal estado.

A portavoz do PSOE realiza o seguinte rogo:

- Que se explique cómo está o asunto da galescola. E lle pregunta ao PP cómo está o asunto da preinscripción.

O Sr. Alcalde expresa que xa está ben de demagoxias e de manifestacións falsas, se fixeron unhas manifestacións en radio Foz, sen nin sequera preguntar ao goberno local se fan declaracións de asuntos que o BNG trata no Parlamento. Comunica que se mandou todo.

Toma a palabra o Sr. González Basanta para aclarar que a Presidenta da Mesa di que na visita do mes de outubro, e a 15 de xaneiro aínda non foi recibida a documentación.

O Sr. Alcalde lle pregunta ao portavoz do BNG se entón ten o Concello a culpa.

Ao que o Sr. González Basanta contesta con outra pregunta, se entón minte a Presidenta no escrito.

O Sr. Alcalde continúa preguntando se entón se vai ter que estar pagando o teléfono sen que haxa alí un moble e non estea funcionando. Lle di ao Sr. González Basanta que agora chame alí e lle pregunte a eses señores por que din algo que non é verdade.

PREGUNTAS:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O PP realiza as seguintes preguntas:

1) ¿Cando se van recoller os sofás e residuos do Bispo Santo?

O Sr. Alcalde lle di que vai a haber que cobrar para meterse no monte, pero que toma nota.

2) ¿Cando se vai baleirar o contenedor de vidro de Nois?

O Sr. Alcalde lle responde que toma nota.

3) ¿Cal foi a causa par refacer o adoquinado no centro?

O Sr. Alcalde explica que o camión do lixo.

4) ¿Se pode adaptar á parte dereita o paseo de Fazouro?

O Sr. Alcalde respóndelle que está así o proxecto e vaise facer así, hai que convivir, non hai cambio, o Ministerio o vai facer así.

O BNG realiza a seguinte pregunta:

¿Cales foron as causas para cesar ao Tenente de Alcalde e facer esa reestructuración no equipo de goberno? Aclara que a pregunta afecta ao grupo de goberno municipal e aos cidadáns.

O Sr. Alcalde lle di que arranxe o seu partido que el arranxa o seu equipo, xa que está capacitado para nomear e cesar aos Tenentes de Alcalde en calquera momento.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas do día vinteito de xaneiro de 2010, do que como secretaria dou fe e certificado.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.